

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*ORDE do 26 de outubro de 2017 pola que se determinan os servizos mínimos durante a folga que se levará a efecto entre os días 1 e 3 de novembro de 2017 nas institucións do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas a esta consellería.*

O artigo 28.2 da Constitución española recoñece, como dereito fundamental da persoa, o dereito á folga.

O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas que presten servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade, no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionado ao mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG núm. 116, do 20 de xuño), entre os cales se encontra a sanidade.

O exercicio público das funcións en materia de asistencia sanitaria non se pode ver afectado gravemente polo lexítimo dereito do exercicio de folga, xa que aquel é considerado e recoñecido prioritariamente en relación con este.

O artigo 3 do citado decreto faculta os conselleiros ou conselleiras competentes, por razón dos servizos esenciais afectados, para que, mediante orde e ante cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, así como para determinar o persoal necesario para a súa prestación.

As organizacións sindicais CIG, CC.OO., UGT, CSI-F, SATSE e SAE comunicaron a convocatoria dunha folga que afectará as institucións do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería de Sanidade.

Atendendo ao contido da convocatoria, a duración e ámbito da folga serán os seguintes: desde as 22.00 horas do 1 de novembro ata as 22.00 horas do 3 de novembro. A folga afectará todo o persoal estatutario, funcionario e laboral das estruturas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería de Sanidade. Inclúe persoal residente en formación.



Con base no que antecede, e unha vez outorgada audiencia ao comité de folga,

DISPOÑO:

#### Artigo 1

A convocatoria de folga referida deberase entender condicionada ao mantemento dos servizos mínimos que se establecen na presente orde.

Os servizos mínimos que se fixan resultan totalmente imprescindibles para manter a axeitada cobertura dos servizos esenciais de asistencia sanitaria. Tales mínimos responden á necesidade de compatibilizar o respecto ineludible ao exercicio do dereito á folga coa atención á poboación, que baixo ningún concepto pode quedar desasistida polas características do servizo dispensado.

E por iso se manteñen os servizos mínimos necesarios para garantir a asistencia imprescindible a doentes hospitalizados, así como a atención urxente e permanente, que non pode aprazarse sen consecuencias negativas para a saúde.

Establécense os seguintes criterios reitores na determinación do persoal necesario para o mantemento dos servizos esenciais nas institucións afectadas:

– Persoal mínimo necesario para a cobertura do 100 % da atención urxente e permanente e as emerxencias do 061.

– No ámbito da transfusión de sangue, os servizos necesarios para o mantemento do abastecemento sanguíneo en toda a Comunidade Autónoma.

– Nos centros e institucións sanitarias:

a) Persoal facultativo dependente de atención especializada:

1. Cobertura do 100 % da actividade urxente nos seguintes ámbitos:

– Servizos de urxencias e gardas médicas.

– Quirófanos urxentes para a atención dos usuarios que requiran intervención cirúrxica inaprazable.



– Salas de partos.

2. Cobertura do 100 % da actividade nas seguintes áreas:

– Unidades de reanimación.

– Unidades de coidados intensivos, de adultos ou pediátricas e unidades coronarias, de ser o caso.

– Área de diálise.

– Área de tratamentos oncolóxicos (radioterapia, Hospital de Día).

3. Cobertura da actividade cirúrxica dos pacientes, tanto hospitalizados como ambulatorios, con respecto ás patoloxías que poñan en perigo a súa vida ou agraven o seu estado de saúde, en especial procesos neoplásicos.

4. Na área de hospitalización establecerase o número necesario para garantir a atención urxente dos doentes hospitalizados e as altas clínicas.

5. No ámbito de consulta, así como das interconsultas dos pacientes hospitalizados que o requiran, atenderanse as consideradas como urxentes ou preferentes, a criterio do persoal facultativo. Así mesmo, atenderanse as consultas inaprazables dos doentes oncolóxicos que requiran tratamento citostático e dos doentes desprazados.

6. Garantirase, así mesmo, a realización de determinacións e probas complementarias urxentes e as que se refiren aos pacientes hospitalizados que, a criterio do persoal facultativo, sexan necesarias e inaprazables; enténdense incluídas as dos pacientes con neoplasias malignas.

7. Garantirase a prescripción de sangue, medicamentos e produtos sanitarios.

8. Garantirase a atención necesaria a pacientes subsidiarios de hospitalización a domicilio e coidados paliativos.

b) Persoal facultativo dependente de atención primaria (persoal médico, pediatra e odontólogo):

1. Cobertura do 100 % da actividade urxente.



2. Os servizos mínimos que se fixan no tramo ordinario de atención prestarán a asistencia urxente ou inaprazable desa unidade, calquera que sexa a modalidade da prestación:

- En centros con catro ou menos profesionais: 1 efectivo.
- En centros con cinco a oito profesionais: 2 efectivos.
- En centros con nove a doce profesionais: 3 efectivos.
- En centros con trece ou máis profesionais: 4 efectivos.

c) Persoal sanitario non facultativo de atención especializada:

1. Cobertura do 100 % da actividade urxente nun tripo ámbito:

- Servizos de urxencias.
- Quirófanos urxentes (xerais e de tocoloxía) para a atención dos usuarios que requirán intervencións cirúrxicas inaprazables.
- Salas de partos.

2. Na área de hospitalización establecerase o número necesario para garantir os cuidados dos pacientes hospitalizados, en correspondencia cos efectivos dun domingo ou festivo.

3. No ámbito de consultas estableceranse mínimos nun dobre ámbito:

- Apoio á atención das consultas especializadas consideradas como urxentes ou preferentes.
- Así mesmo, atenderanse as consultas inaprazables dos pacientes oncolóxicos que requirán tratamento citostático e dos pacientes desprazados.

4. No ámbito dos servizos centrais, garantirase a realización das probas complementarias urxentes e as que se refiran aos doentes hospitalizados que, a criterio do persoal facultativo, sexan necesarias e inaprazables, en correspondencia cos efectivos dun domingo ou festivo.



5. Garantirase a dispensación de medicamentos, hemoderivados e produtos sanitarios, en correspondencia cos efectivos dun domingo ou festivo.

6. Unidades especiais: o número necesario para garantir o coidado dos pacientes, en correspondencia cos efectivos dun domingo ou festivo.

d) Persoal sanitario non facultativo de atención primaria:

1. Cobertura do 100 % da actividade urxente.

2. Os servizos mínimos que se fixan no tramo ordinario de atención prestarán a asistencia urxente e inaprazable desa unidade, calquera que sexa a modalidade da prestación:

– En centros con catro ou menos profesionais: 1 efectivo.

– En centros con cinco a oito profesionais: 2 efectivos.

– En centros con nove a doce profesionais: 3 efectivos.

– En centros con trece ou máis profesionais: 4 efectivos.

e) Persoal de xestión e servizos de atención especializada:

1. Urxencias: un número de efectivos que garanta a cobertura do 100 % da actividade urxente.

2. Área de hospitalización: un número de efectivos equivalente ao de domingos ou festivos.

3. Cita previa: un número de efectivos que garanta a atención ao paciente que o requira, cun mínimo dun efectivo por centro e ata un máximo do 50 % dos efectivos da quenda.

4. Atención ao paciente: un número de efectivos que garanta a atención ao doente que o requira, cun mínimo dun efectivo por centro e ata un máximo do 50 % dos efectivos da quenda.

5. Servizos de mantemento: un número equivalente ao dos domingos ou festivos.



6. Servizo de lavandaría e lenzaría: un número equivalente ao dos domingos e festivos ou ata o 50 % dos efectivos da quenda.

7. Limpeza: ata o 50 % dos efectivos da quenda.

8. Hostalaría: un número mínimo igual ao dos domingos ou festivos, ou ben un 60 % dos efectivos da quenda, en función do tamaño das prestacións dependentes de hostalaría en cada centro.

9. Condutores: o mesmo número de efectivos ca os domingos ou festivos, cun mínimo, en todo caso, dun efectivo.

10. Servizos administrativos:

– Información: o número de profesionais necesarios para garantir a debida información aos pacientes.

– Persoal: o número imprescindible para garantir as incidencias e xestións derivadas da folga e, como máximo, ata o 40 % dos efectivos da quenda.

– Subministracións: o número imprescindible para garantir os pedidos urxentes e ata un máximo do 25 % dos efectivos da quenda.

– Almacén: un número imprescindible para a xestión do almacén e ata un máximo do 25 % dos efectivos da quenda.

– Contabilidade: un número imprescindible para as xestións urxentes e ata un 25 % dos efectivos da quenda.

f) Persoal de xestión e servizos de atención primaria:

1. Urxencias: un número de efectivos que garanta a cobertura do 100 % da actividade urxente.

2. En centros con catro ou menos efectivos de persoal facultativo: 1 efectivo.

– En centros con cinco ou máis efectivos de persoal facultativo: 1 efectivo por centro e, no caso de teren varios andares, un máis por andar.



g) Persoal de tecnoloxías da información: en quenda de mañá, 2 efectivos de presenza física por EOXI; tarde e noite, 2 efectivos por EOXI localizados.

h) Outras áreas de traballo ou servizos: establecerase con carácter xeral un número equivalente ao dos domingos ou festivos.

## Artigo 2

A determinación dos profesionais necesarios con base nos criterios anteriores faraa a xerencia ou dirección, e a súa fixación deberá estar adecuadamente motivada, mediante a designación nominal e individual.

As/os profesionais necesarios para cubrir dos servizos mínimos deberán ser publicados nos taboleiros de anuncios do centro, con antelación ao comezo da folga.

A/o profesional designado como servizo mínimo que desexe exercer o seu dereito de folga poderá instar a substitución da súa designación por outra/o profesional que voluntariamente acepte o cambio de xeito expreso.

A xustificación debe constar no expediente de determinación de mínimos da institución e exteriorizarse axeitadamente para xeral coñecemento do persoal destinatario. Deberá quedar constancia no expediente dos factores ou criterios cuxa ponderación conduce a determinar as prestacións mínimas.

Con tales premisas, no anexo desta resolución recóllese o número de efectivos de servizos mínimos para cubrir as xornadas de folga.

## Artigo 3

Os paros e alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servizos mínimos determinados no anexo, así como os expostos nos taboleiros de anuncios de cada centro, serán considerados ilegais para os efectos do que establece o artigo 16 do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo (BOE núm. 58, do 9 de marzo).

## Artigo 4

O que se dispón nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga lle recoñece ao persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.



**Artigo 5**

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos establecementos sanitarios. Os altercados ou incidentes que se produzan serán obxecto de sanción con base nas normas vixentes.

**Disposición derradeira**

Esta orde producirá efectos e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2017

Jesús Vázquez Almuíña  
Conselleiro de Sanidade

**ANEXO**

• Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña.

– Servizos sanitarios de Atención Especializada.

Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	13	7	6
	Área Cirúrxica	54	35	35
	Área Clínica/Hospitalización	44	20	20
	SS.CC.	20	10	10
Persoal DUE	Urxencias	21	20	19
	Área Cirúrxica	11	17	16
	Área Clínica/Hospitalización	150	145	125
	SS.CC.	20	9	7
Matrón/matrona	6	4	4	
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría	228	138	98
	Técnico/a especialista	29	19	9
Celador/a	52	48	27	





		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal administrativo		38	9	3
Traballo social		1	-	-
Mantemento		7	7	7
Telefonista		1	1	1
Pasador/a de ferro		12	12	-
Hostalaría	Cociñeiro/a	7	7	-
	Pinche	60	60	2
Conductor/a		1	1	-
Lavandeiro/a		9	9	-
Persoal de informática		2	2	2

**Hospital Virxe da Xunqueira-Cee.**

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	3	3	2
	Área Cirúrxica	8	5	5
	Área Clínica/Hospitalización día 2	5	3	2
	Área Clínica/Hospitalización día 3	4	2	2
	SS.CC.	4	1	1
Persoal DUE	Urxencias	4	4	3
	Área Cirúrxica	3	3	2
	Área Clínica/Hospitalización día 2	8	7	4
	Área Clínica/Hospitalización día 3	7	6	4
	Paritorio	1	1	1
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría día 2	15	10	7
	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría día 3	14	9	7
	Técnico/a especialista	2	2	2
Persoal administrativo		6	2	1

**- Servizos sanitarios de Atención Primaria.**

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	98	54	18
Pediatra	28	9	-
Persoal de enfermaría	92	45	17
Persoal non sanitario (servizos administrativos)	88	27	3
Celadores/PSX de PAC	-	14	14



• Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol.

– Servizos sanitarios de Atención Especializada.

Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Nóvoa Santos.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	7	6	4
	Área Cirúrxica	20	12	12
	Área Clínica/Hospitalización	25	9	9
	SS.CC.	14	6	6
Persoal DUE	Urxencias	10	9	8
	Área Cirúrxica	13	2	2
	Área Clínica/Hospitalización	40	29	29
	SS.CC.	24	4	1
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría	81	38	26
	Técnico/a especialista	23	6	5
Celador/a		27	16	12
Persoal administrativo		35	4	2
Mantemento		4	4	4
Telefonista		1	1	1
Hostalaría	Cociñeiro/a	2	2	-
	Pinche	18	18	1
	Limpador/a	2	2	-
Conductor/a		1	-	-
Lavandaría	Lavandeiro/a	5	-	-
	Pasador/a de ferro	5	-	-

– Servizos sanitarios de Atención Primaria.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	40	11	-
Médico/a PAC	-	12	11
Pediatra	14	4	-
Odontólogo/a	1	-	-
Farmacéutico/a	1	-	-
Persoal de enfermaría	46	11	-
Persoal de enfermaría (PAC)	-	12	9
Outro persoal sanitario	1	-	-
Persoal non sanitario	36	12	-
Celador/a PAC	-	9	9
Limpeza Atención Primaria	1	1	-



• Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.

– Servizos sanitarios de Atención Especializada.

Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	12	12	5
	Área Cirúrxica	15	8	8
	Área Clínica/Hospitalización	113	44	42
	SS.CC.	23	16	11
Persoal DUE	Urxencias	15	16	13
	Área Cirúrxica	38	18	14
	Área Clínica/Hospitalización	128	114	88
	SS.CC.	59	23	10
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría	192	120	79
	Técnico/a especialista	56	30	13
Celador/a		56	48	30
Persoal administrativo		40	4	2
Mantemento	Mecánico/a	1	1	1
	Electricista	1	1	1
	Calefactor/a	1	1	1
	Fontaneiro/a	1	1	-
Persoal de informática		2	2	2
Telefonista		2	1	1
Hostalaría	Cociñeiro/a	5	3	-
	Pinche	44	35	-
Conductor/a		1	1	-
Lavandeiro/a		6	-	-

Hospital da Barbanza.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	4	5	3
	Área Cirúrxica	7	7	7
	Área Clínica/Hospitalización	3	2	2
	SS.CC.	4	3	2
Persoal DUE	Urxencias	5	5	4
	Área Cirúrxica	4	4	3
	Área Clínica/Hospitalización	9	7	4
	SS.CC.	4	3	-



		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría	16	11	7
	Técnico/a especialista	3	2	2
Persoal administrativo		11	4	1

– Servizos sanitarios de Atención Primaria.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	96	41	24
Pediatra	39	8	-
Persoal de enfermaría	98	35	21
Persoal de servizos xerais	61	20	5
Auxiliar administrativo/a	6	1	-
Celador/a	1	14	14

- Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

– Servizos sanitarios de Atención Especializada.

Complexo Hospitalario de Lucus Augusti.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	10	12	8
	Área Cirúrxica	30	17	16
	Área Clínica/Hospitalización	43	10	10
	SS.CC.	29	8	8
Matrón/matrona		3	3	3
Persoal DUE	Urxencias	11	11	10
	Área Cirúrxica	8	8	7
	Área Clínica/Hospitalización	77	55	49
	SS.CC.	26	7	2
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría	100	73	48
	Técnico/a especialista	27	17	7
Celador/a		34	31	17
Persoal administrativo		30	7	2
Mantemento		4	4	4
Telefonista		1	1	1
Hostalaría	Cociñeiro/a	5	1	-
	Pinche cociña	36	27	-
	Pinche lenzaría	3	3	-
Conductor/a		1	-	-
Persoal de informática		2	2	2



**Hospital Comarcal de Monforte.**

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	4	3	3
	Área Cirúrxica	9	9	9
	Área Clínica/Hospitalización	5	4	4
	SS.CC.	5	5	5
Matrón/matrona		1	1	1
Persoal DUE	Urxencias	5	4	4
	Área Cirúrxica	2	2	2
	Área Clínica/Hospitalización	11	10	5
	SS.CC./REA	8	1	1
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría	17	14	8
	Técnico/a especialista	4	4	2
Celador/a		9	5	3
Persoal administrativo		7	1	1
Mantemento		2	2	2
Telefonista		1	1	-
Hostalaría	Cociñeiro/a	1	1	-
	Pinche	5	5	-
Pasador/a de ferro		2	-	-
Lavandeiro/a		2	-	-

**Hospital Comarcal da Costa (Burela).**

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	4	3	2
	Área Cirúrxica	12	11	11
	Área Clínica/Hospitalización	6	3	3
	SS.CC.	6	2	2
Persoal DUE	Urxencias	4	4	3
	Área Cirúrxica	5	2	2
	Área Clínica/Hospitalización	23	19	12
	SS.CC.	3	-	-
Persoal Sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría	25	19	10
	Técnico/a especialista	6	4	2
Celador/a		8	7	3
Persoal administrativo		15	2	1
Mantemento		2	2	2
Telefonista		1	1	-
Hostalaría	Cociñeiro/a	1	1	-
	Pinche	4	4	-
Lavandeiro/a		1	-	-



– Servizos sanitarios de Atención Primaria.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	95	38	26
Pediatra AP	24	1	-
Persoal de enfermaría	102	39	26
Persoal de servizos xerais	67	14	4
Auxiliar administrativo/a	9	1	-
Celador/a	3	15	15

• Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

– Servizos sanitarios de Atención Especializada.

Complexo Hospitalario de Ourense.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	8	7	5
	Área Cirúrxica	32	8+8	8+8
	Área Clínica/Hospitalización	59	13+3	12+3
	SS.CC.	45	6+5	6+5
Matrón/matrona		2	2	2
Fisioterapeuta		2	-	-
Persoal DUE	Urxencias	10	10	9
	Área Cirúrxica	33	23	22
	Área Clínica/Hospitalización	64	44	21
	SS.CC.	23	18	16
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría	130	92	73
	Técnico/a especialista	17	13	7
Celador/a		52	40	25
Persoal administrativo	Admisión e Apoio Asistencial	29	7	2
Persoal administrativo	Persoal, Secretaría e Atención ao Paciente	3	-	-
Telefonista		2	2	1
Hostalaría	Cociñeiro/a	4	4	-
	Pinche	39	32	-
Conductor/a		1	-	-
Lenzaría, Limpeza, Servizos		6	1	-
Persoal de informática		2	2	-
En facultativos inclúense como sumandos gardas de presenza física e localizadas.				



## Hospital de Verín.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	3	3	3
	Área Cirúrxica	4	4	4
	Área Clínica/Hospitalización	5	1	1
	SS.CC.	4	-	-
Persoal DUE	Urxencias	2	2	3
	Área Cirúrxica	2	2	2
	Área Clínica/Hospitalización	6	4	3
	SS.CC.	1	-	-
Matrón/matrona		1	1	1
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría	6	6	5
	Técnico/a especialista	2	2	2
Celador/a		3	2	1
Persoal administrativo		6	2	1

## Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	3	2	2
	Área Cirúrxica	3	2	2
	Área Clínica/Hospitalización	9	6	6
	SS.CC.	5	3	3
Persoal DUE	Urxencias	2	2	2
	Área Cirúrxica	2	2	2
	Área Clínica/Hospitalización	8	8	7
	SS.CC.	5	2	1
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuidados auxiliares de enfermaría	16	10	6
	Técnico/a especialista	3	2	2
Celador/a		8	7	3
Persoal administrativo		13	1	1
Mantemento		2	2	1
Telefonista		1	1	-
Hostalaría	Cociñeiro/a	1	1	-
	Pinche	4	4	-
Lavandeiro/a		2	-	-

## – Servizos sanitarios de Atención Primaria.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	113	39	24
Pediatra	16	3	-



	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Persoal de enfermaría	110	32	17
Outro persoal sanitario (A.E.)	12	-	-
Persoal de xestión e servizos: citación	78	10	-
Persoal de xestión e servizos: servizos administrativos e mantemento	13	-	-
Celador/a de PAC	-	15	15

• Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés.

– Servizos sanitarios de Atención Especializada.

Complexo Hospitalario de Pontevedra.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	8	8	6
	Área Cirúrxica	56	18	17
	Área Clínica/Hospitalización	46	12	12
	SS.CC.	22	4	4
Persoal DUE	Urxencias	9	9	8
	Área Cirúrxica	19	9	6
	Área Clínica/Hospitalización	49	46	44
	SS.CC.	42	20	8
Matrón/matrona		2	2	2
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría	99	67	51
	Técnico/a especialista	17	9	7
Celador/a		43	37	20
Persoal de informática		2	2	2
Persoal administrativo		66	6	3
Mantemento		6	3	2
Telefonista		2	2	1
Hostalaría	Cociñeiro/a	2	2	-
	Pinche	14	14	-
Conductor/a		1	-	-
Lavandeiro/a		8	-	-

Hospital do Salnés.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	4	4	2
	Área Cirúrxica	7	4	4
	Área Clínica/Hospitalización	6	2	2
	SS.CC.	4	2	2





		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal DUE	Urxencias	5	5	4
	Área Cirúrxica	3	3	2
	Área Clínica/Hospitalización	11	8	7
	SS.CC.	1	-	-
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría	15	12	9
	Técnico/a especialista	3	3	2
Celador/a		6	6	3
Persoal administrativo		8	2	1

– Servizos sanitarios de Atención Primaria.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Médico/a de familia	59	26	12
Pediatra	20	4	-
Persoal de enfermaría	61	22	11
Persoal non sanitario	51	21	9

• Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo.

– Servizos sanitarios de Atención Especializada.

Complejo Hospitalario Universitario de Vigo.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Urxencias	13	11	9
	Área Cirúrxica	63	34	34
	Área Clínica/Hospitalización	63	27	23
	SS.CC.	26	12	10
Matrón/matrona		5	5	5
Fisioterapeuta, Logopeda e Terapeuta Ocupacional		3	-	-
Enfermeiro/a	Urxencias	20	21	15
	Área Cirúrxica	53	26	23
	Área Clínica/Hospitalización	Día 2-123 Día 3-124	100	85
	SS.CC.	Día 2-23 Día 3-26	5	5
Persoal sanitario FP	Técnico/a en cuid. auxiliares de enfermaría	176	132	Día 1-86 Día 2-89
	Técnico/a especialista	33	20	13



	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Celador/a	101	68	49
Persoal administrativo	39	11	3
Mantemento	5	4	3
Telefonista	2	2	2
Conductor/a	1	-	-
Persoal de informática	2	2	2

– Servizos sanitarios de Atención Primaria.

		Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	Médico/a de familia	81	38	-
	Pediatra	36	14	-
	Médico/a de familia PAC		Día 2-18 Día 3-21	Días 1-20 Día 2-19
Persoal sanitario	Enfermeiro/a	86	32	-
	Enfermeiro/a PAC	-	17	17
	Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría	10	-	-
Persoal de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais	42	21	-
	Auxiliar administrativo/a	15	4	-
	Celador/a	3	-	-
	PSX-Celador/a PAC	-	11	11
Telefonista		-	1	1
Conductor/a		-	2	2

• Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

Categoría/servizo	Servizos mínimos		
	Mañá (8 a 15 h.)	Tarde (15 a 22 h.)	Noite (00 a 8 h.) (22 a 00 h.)
Persoal facultativo			
Médico/a coordinador/a	6+1 <sup>(1)</sup>	6+1 <sup>(1)</sup>	3
Médico/a asistencial base ambulancia	10	10	10
Médico/a asistencial base helicóptero	2 <sup>(3)</sup>	2 <sup>(3)</sup>	
Persoal sanitario non facultativo			
Enfermeiro/a de consulta sanitaria	1	1	1
Enfermeiro/a base ambulancia	10	10	10
Enfermeiro/a base helicóptero	2 <sup>(3)</sup>	2 <sup>(3)</sup>	



Categoría/servizo	Servizos mínimos		
	Mañá (8 a 15 h.)	Tarde (15 a 22 h.)	Noite (00 a 8 h.) (22 a 00 h.)
Persoal non sanitario			
Tecnoloxía	1	-	-
Recursos Humanos	1	-	-
Área Económico-Financeira	4	-	-

<sup>(1)</sup> Aos 6 traballadores na quenda de mañá hai que sumarles:

O día 2: 1 efectivo en horario de 10.00 a 16.00 horas.

O día 3: 1 efectivo en horario de 10.00 a 17.00 horas.

<sup>(2)</sup> Aos 6 traballadores na quenda de tarde hai que sumarles:

O día 2: 1 efectivo en horario de 16.00 a 23.00 horas.

O día 3: 1 efectivo en horario de 17.00 a 00.00 horas.

<sup>(3)</sup> Están operativos en horario de:

Santiago: de orto a orto máis 12 horas.

Ourense: de ocaso menos 12 horas a ocaso.

- Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite <sup>(1)</sup>
Persoal facultativo			
Hematólogos/as	2	-	-
Médicos/as Hemodoazón	9	10	-
Persoal sanitario non facultativo			
Control Calidade	1	1	-
HLA	Día 2-1 Día 3-2 12	1	-
Criobioloxía	1	1	-
Procesamento	Día 2-1 Día 3-2	1	1
Fraccionamento	Día 2-5 Día 3-6	Día 2-5 Día 3-6	1
Hemodoazón	13	15	-
Persoal de xestión e servizos			
Administración	7	-	-
Promoción	1	-	-
Hemodoazón	4	7	-

<sup>(1)</sup> Un en quenda de garda.



• Galaria.

– Galaria-Vigo.

Servizo	Posto	Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Diagnóstico por Imaxe Meixoeiro	Facultativo/a	1	1	-
Diagnóstico por Imaxe Meixoeiro	Técnico/a especialista	1	1	-
Diagnóstico por Imaxe Meixoeiro	PSX/Celador/a	1	1	-
Diagnóstico por Imaxe Meixoeiro	Enfermeiro/a	1	1	-
Diagnóstico por Imaxe HAC	Facultativo/a	1	1	1 (localizado)
Diagnóstico por Imaxe HAC	Técnico/a especialista	1	1	1 (localizado)
Diagnóstico por Imaxe HAC	PSX/Celador/a	1	1	-
Diagnóstico por Imaxe HAC	Enfermeiro/a	1	1	-
Diagnóstico por Imaxe Móbil 1	Enfermeiro/a	1	-	-
Diagnóstico por Imaxe Móbil 1	Técnico/a especialista	1	-	-
Diagnóstico por Imaxe Móbil 2	Enfermeiro/a	1	-	-
Diagnóstico por Imaxe Móbil 2	Técnico/a especialista	1	-	-
Estrutura Administrativa (Vigo)	Persoal Admón.	1	-	-
Medicina Nuclear-PET	Facultativo/a	1	2	1 (localizado)
Medicina Nuclear-PET	Enfermeiro/a	2	2	-
Medicina Nuclear-PET	Técnico/a especialista	1	2	-
Medicina Nuclear-PET	Técnico/a en cuidados auxiliares de enfermaría	1	-	-
Medicina Nuclear-PET	PSX/Celador/a	1	1	-
Oncoloxía Radioterápica	Facultativo/a	3	2	Día 1-1 (localizado) Día 2-1
Oncoloxía Radioterápica	Enfermeiro/a	Día 2-2 Día 3-3	Día 2-2 Día 3-1	Día 2-1
Oncoloxía Radioterápica	Técnico/a especialista	8	7	Día 1-1 (localizado) Día 2-4
Oncoloxía Radioterápica	Técnico/a en cuidados auxiliares de enfermaría	Día 2-2 Día 3-3	Día 2-2 Día 3-1	
Oncoloxía Radioterápica	PSX/Celador/a	2	1	Día 2- 1
Radiofísica	Facultativo/a	2	1	1 (localizado)
Radiofísica	Técnico/a especialista	2	1	-

– Galaria-Ourense.

Servizo	Posto	Servizos mínimos		
		Mañá	Tarde	Noite
Medicina Nuclear. Ourense	Enfermeiro/a	1	-	-
Medicina Nuclear. Ourense	Facultativo/a	1	-	-
Medicina Nuclear. Ourense	PSX/Celador/a	1	-	-
Medicina Nuclear. Ourense	Técnico/a especialista	1	-	-



## – Galaria-Santiago de Compostela.

Servizo	Posto	Mañá	Tarde	Noite
Ciclotrón	Facultativo/a	1	-	1
Ciclotrón	Técnico/a de laboratorio	2	-	2
Ciclotrón	Técnico/a de mantemento	1	-	1
Estrutura Administrativa (Santiago)	Persoal de administración	2	-	-
UTPR	Facultativo/a	1	-	-

## • Instituto Galego de Oftalmoloxía (Ingo).

	Servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Persoal facultativo	1	-	-
Persoal de xestión e servizos	1	-	-

